




2º DE ESO

**PARA ALUMNADO
QUE CURSA 1º DE
ESO E PASA A 2º**



No **segundo curso da ESO** o alumnado cursará as áreas do cadro da páxina seguinte.

O alumnado promocionará de curso cando teña superados os obxectivos das materias cursadas ou teña avaliación negativa en dúas materias como máximo.

O alumnado repetirá curso cando sexa avaliado negativamente en tres ou máis materias.


Excepcionalmente, o equipo docente poderá autorizar a promoción con avaliación negativa en tres materias, se considera que a natureza das mesmas non impide ao alumnado seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que dita promoción beneficiará a súa evolución académica. O alumnado poderá repetir o mesmo curso unha soa vez e dúas veces como máximo dentro da etapa. Excepcionalmente, poderá repetir unha segunda vez en cuarto curso se non repetiu en cursos anteriores desta etapa.

As cualificacións obtidas na avaliación de Relixión e da Historia e Cultura das Relixións, computarán para a promoción de curso e titulación; non computarán na obtención da nota media nin nas convocatorias que requiran os expedientes académicos.

O alumnado dos cursos 1º e 2º que presente claras dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular na área de lingua, poderá quedar exento de cursar a materia de 2ª lingua estranxeira. Neste caso recibirá reforzo educativo. A circular 8/2009 establece que o alumnado que accede á ESO por imperativo legal, aquel que repita 1º, así como aquel que promocionase a 2º curso sen superar todas ou algunhas das áreas instrumentais ou ben aquel que repita 2º curso, poderá seguir un programa de reforzo e estar exento de cursar 2ª lingua estranxeira. No seu expediente académico figurará coa mención de exento/a.

ATENCIÓN ÁS MATERIAS PENDENTES.

Debedes consultar cos titores e titoras e co voso profesorado (cando son materias de coñecementos progresivos) e/ou cos Xefes e Xefas de Departamento, para ter toda a información necesaria para superalas.



2º ESO CURSO ACADÉMICO 2014/2015

APELIDOS E NOME

--

MATERIAS OBRIGATORIAS

- ❖ Ciencias Sociais, Xeografía e Historia
- ❖ Educación Física
- ❖ Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos
- ❖ Lingua Castelá e Literatura
- ❖ Lingua Galega e Literatura
- ❖ Matemáticas
- ❖ Música
- ❖ Tecnoloxías
- ❖ Lingua Estranxeira: Inglés () Francés () (Elixir unha)
- ❖ 2ª Lingua Estranxeira (Francés ou Inglés) Distinta da elixida como 1º Lingua Estranxeira
- ❖ Elixir unha entre as seguintes:
 - () Relixión
 - () Historia e Cultura das Relixións
 - () Atención Educativa

En 1º ESO cursou: 2ª Ling. Estranxeira () ou Reforzo Educativo ()

Repite (SÍ) (NON) Marcar o que proceda



FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

**DESAPARECEN OS
PCPI!!!**

Decreto, **borrador**

PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS

1. **É FORMACIÓN PROFESIONAL** (normativa xeral aplicable á FP)
2. **Duración: (2000 horas)**
 - 2 anos
 - 3 en modalidade dual (centro educativo e centro de traballo)
 - Imprescindible idade laboral para este formato
3. **Estrutura:**

Módulos asociados a unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais		
Módulos asociados aos bloques comúns	Módulo de Comunicación e sociedade I, e de Comunicación e sociedade II	Lingua galega Ciencias sociais Lingua estranxeira Lingua castelá
	Módulo de Ciencias aplicadas I e módulo de Ciencias aplicadas II	Matemáticas Ciencias
Módulo de formación en centros de traballo		

4. “Especialidades”:

- Servicios Administrativos
- Electricidad e Electrónica
- Fabricación e Montaxe
- Informática e Comunicacións
- Cociña e Restauración
- Mantemento de Vehículos
- Agricultura e Xardiñería
- Peluquería e Estética
- Servicios Comerciais
- Carpintería e Moble
- Reforma e Mantemento de Edificios
- Arreglo e Reparación de Artículos Téxtiles e de Pel
- Tapicería e Cortinaxe
- Vidriería e Alfarería

5. **Oferta educativa dos centros:** por determinar
6. **O acceso:**
 - Alumnado con 15 anos e que non supere os 17 no ano natural de efectuar a matrícula.
 - Que teña cursado 1º ciclo (1º, 2º e 3º de ESO) ou excepcionalmente 2º de ESO.
 - Proposta motivada do grao de adquisición de obxectivos e competencias por parte do equipo docente dirixida á familia e recollida no consello orientador
 - Autorización da familia
7. **Prazos de preinscripción e matrícula:** Por determinar.
8. **A titulación:** Título de Formación Profesional Básica correspondente.
9. **Dá acceso ós Ciclos de Grao Medio. Non dá a titulación de Graduado en Educación Secundaria (Para obtelo, poderán realizar as probas libres)**
10. **Equivalente ó Graduado en ESO para o acceso ó emprego.**